



**DIRIGIDO A: DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACION DA NATUREZA.  
CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E  
INFRAESTRUTURAS. SAN LAZARO – SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**ASUNTO:** Alegacións ao Plan de acción común da reserva da biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés.



Asociación de Entidades titulares de Tecores do  
P. N. Baixa Limia – Serra do Xurés  
SOLICITUDE Á ADMINISTRACION Nº 011  
5 DE MAIO DE 2015

D. Domingo González Lorenzo, con DNI n.º 34962910 N, actuando como Presidente da Asociación de Entidades titulares de Tecores do Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés (XURESTEC) con CIF G-32408494, inscrita no Rexistrio Provincial de Asociación de Ourense co número 14449 e domicilio para os efectos de notificación en Lg. Esperanzo n.º 9, de Lobios (32879 - Ourense),

**EXPOÑE:**

Que revisamos o contido do Plan de acción común dá reserva dá biosfera transfronteiriza Gerês-Xurés (RBTGX), e facemos as seguintes consideracións ou alegacións a este,

**ALEGACIÓNS:**

No "Eixe 3. Conservación da natureza", é o único apartado do documento onde se menciona a caza ou actividade cinexética.

E en concreto fálase, entre outras cousas, de "Programas de ordenación piscícola e cinexética".

cun investimento TOTAL DO EIXE 3, proposto para a parte que corresponde a Galicia, de só 180.000 euros en seis anos (30.000 euros por ano de media).

Presupuesto que consideramos é insuficiente para manter o investimento necesario en melloras do hábitat das especies cinexéticas dos 12 TECOR galegos que están integrados dentro da RBTGX.

Por tanto, entendemos que no que se refire á ordenación cinexética, é vital que se engada ademais, un "Programa de mellora dás poboacións de coello de monte e perdiz rubia", independente dos "Programas de ordenación piscícola e cinexética", que poden afectar as especies piscícolas e a outras especies cinexéticas como a cabra montés, o corzo, o xabaril, etc...

Posto que estas especies (coello de monte e perdiz rubia) son vitais para unha boa parte das especies ameazadas e vulnerables que habitan os terreos da RBTGX.

E en consecuencia da su importancia, dóteselle dun financiamento anual de **polo menos 100.000 euros/ano** durante os seis anos do Plan (600.000 euros en total).

Este programa débese destinar prioritariamente á realización de traballos de rozas, sementeiras, instalación de biótopos e módulos de alimentación, nos 12 TECOR da RBTGX.

A proposta de XURESTEC quedaría integrada do seguinte xeito:

(modificacións en cor azul)

<b>EIXO 3</b>
<b>CONSERVACIÓN DA NATUREZA</b>
<b>LÍNEA DE ACTUACIÓN</b>
<b><input type="checkbox"/> PLANIFICACIÓN , PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DE FAUNA</b>
<b>OBJETIVO</b>
<b>Restaurar os valores faunísticos en relación ás especies ameazadas ou de reducida distribución e potenciar a fauna como recurso do turismo de natureza.</b>
<b>XUSTIFICACIÓN EN RELACIÓN AO DIAGNÓSTICO</b>
A existencia de especies de fauna (mamíferos, aves...) susceptibles de ser observados por turistas sen impactos significativos para a especie, crea unha oportunidade relevante cara ao desenvolvemento sostenible do sector turístico na reserva. Ademais é prioritario desenvolver un programa de mellora das poboacións presa das especies ameazadas e vulnerables nos TECOR (Terreos Cinexéticamente Ordenados de Galicia). Unha debilidade detectada é a proliferación de áreas ocupadas por especies alóctonas coa consecuente alteración dos hábitats.
<b>RELACIÓN CON OTRAS ACTUACIONES DO PLAN DE ACCIÓN</b>
<b>Planificación e ordenación do territorio</b> <input type="checkbox"/> Incremento do coñecemento da zona de actuación <input type="checkbox"/> Restauración ambiental de zonas degradadas pola acción humana <input type="checkbox"/> Planificación, protección e recuperación da flora <input type="checkbox"/> Valorización dos recursos endóxenos e compatibilización das actividades humanas cos recursos naturais <input type="checkbox"/> Promoción do turismo sostenible
<b>DESCRICIÓN</b>
No ámbito desta liña de actuación preténdense desenvolver un conxunto de accións de acordo coas necesidades de xestión activa das poboacións máis ameazadas de especies animais, en particular: <input type="checkbox"/> Programas de ordenación piscícola, cinexética <input type="checkbox"/> Programa de mellora dás poboacións de coello de monte e perdiz rubia nos TECOR. <input type="checkbox"/> Programas de conservación e manexo de poboacións ameazadas ou vulnerables. <input type="checkbox"/> Eliminación de especies invasoras (ex visón americano) <input type="checkbox"/> Eliminación de cabras feirais. <input type="checkbox"/> Creación dun centro interpretativo da avifauna (Concello de Montealegre)

**ÁMBITO XEOGRÁFICO**

**Reserva de Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (zona núcleo e zona tampón).**

**CRONOGRAMA DA ACTUACIÓN**

2015	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
140.500 €	172.000 €	172.000 €	172.000 €	172.000 €	161.500 €	990.000 €

**CUSTE ESTIMADO**

**780.000 € (GALICIA) + 210.000 € (PORTUGAL)**

**FONTES E PORCENTAXE DE FINANCIACIÓN**

- o Unión Europea: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional(FEDER)
- o Unión Europea: Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional(FEDER) – Cooperación Territorial: Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal(POCTEP)
- o UNIÓN EUROPEA: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)
- o Liñas de Financiamento Nacionais
- o Unión Europea: Fondo de Cohesión.
- o Unión Europea: Programa LIFE +2014-2020

**INDICADORES DE REALIZACIÓN**

- o Programas de ordenación piscícolas, cinexéticos e agroforestais elaborados e postos en marcha.
- o Hectáreas realizadas de rozas e sementeiras polos TECORES.
- o Número de biótopos e módulos de alimentación instalados polos TECORES.
- o IKA anuais das poboacións de coello de monte e perdiz rubia nos TECORES.
- o Seguimento e recuperación de especies ameazadas e /ou vulnerables
- o Nº de especies obxectivo identificadas
- o Nº de accións de conservación e manexo de poboacións ameazadas executadas
- o Nº de actividades de observación e identificación de aves realizadas

**INDICADORES DE RESULTADO**

O territorio da RBTGX terá recuperado e mantido os seus valores faunísticos en cumprimento da normativa comunitaria relativa á Rede Natura 2000. O territorio da RBTGX quedará valorizado desde o punto de vista da calidad dos seus valores naturais, potenciando un uso sostible dese territorio e tornándoo ainda máis atractivo para o turismo de natureza

E por todo o exposto,

**SOLICITAMOS:** Que se teñan en conta as alegacións presentadas.

En Lobios, a 4 de maio de 2015



Asdo.: Domingo González Lorenzo  
Presidente

